

EOI de Vigo – uso de L2

LIÑA DO PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO: Programas de plurilingüismo e internacionalización (competencia comunicativa)

Docente observador/a: Santiago García		Docente observado/a: Ruth Avendaño	
Nivel: Básico	Curso: A2	Nº alumnos/as: 13	Data da sesión de observación: 24/11/23
PREGUNTAS GUÍA		COMENTARIOS	
D O C E N T E	Articula de forma correcta y clara?	Articulación perfecta e clara, con acento británico nativo. A voz é agradable e o ton, adecuado.	
	Fluidez verbal, riqueza e precisión no vocabulario.	O discurso é fluído, e o vocabulario é rico e preciso, adecuado para o nivel básico do alumnado. Emprega a L1 en ocasións excepcionais, para comprobar a comprensión de novo vocabulario introducido que puidese resultar confuso.	
	Linguaxe non verbal.	Emprega multitude de recursos, dos que o máis evidente é o sorriso, que transmite cordialidade, proximidade e empatía. Fai contacto visual co alumnado. Salta lixeiramente para enfatizar os acentos, leva a man á orella para pedir contribucións do alumnado, aplaude para reclamar a atención cando é necesario volver ao gran grupo, senta co alumnado para facilitar a comunicación ao seu nivel.	

Observación focalizada:

COMPORTAMENTO	Nº DE VECES	EXEMPLO
Repetición de palabras, frases ou preguntas	Dúas, xeralmente e como mínimo. Emprégase unha terceira repetición para asegurar a comprensión en puntos difíciles. Non presenta retrousos no seu discurso.	- 25th, 24th, 23rd - 5 vs 5th
Ritmo máis lento	O ritmo é pausado, para facilitar a comprensión do alumnado de nivel básico, sen perder a naturalidade e a espontaneidade, e coincide coa modificación do ton á hora de dar instrucións.	- Page THIRTY-three.
Pausas máis longas e frecuentes	Acontecen nos momentos en que o alumnado intervéñ no gran grupo. Emprégaas como recurso para convidar ao alumnado a intervir.	“How often do you have your hair cut?”
Articulación máis coidada	Articulación extremadamente coidada, con acento británico culto.	A articulación é particularmente coidada na introdución do novo vocabulario ou para aclarar a pronuncia como <i>feedback</i> inmediato ao alumnado.
Modificación do ton	O ton é cordial, empático, invita á fala.	Modifícase o ton de maneira notable para dar instrucións ao inicio das tarefas, mais non perde a cordialidade en ningún momento.
Outros	A combinación da comunicación da docente co mecanismo de transcripción fonética empregado contribúe notablemente á participación con confianza de todo o alumnado na aula.	